

Actas da asemblea xeral ordinaria da Federación Galega pola Cultura Marítima e Fluvial de 21/03/2009.

Comeza as 18 h. en segunda convocatoria, coa asistencia dos seguintes asociacións:

Mariñeiros de Bouzas, Amigos das Embarcacións Tradicionais Coruña, Amigos do museo do mar, Mascato, Club Mariño Salnés, Sueste, Dorna da Illa, Amigos da Dorna meca, Rompetimóns, Club Náutico de Ferrol, Club Mariño A Reiboia, Mar de Muros, Canle de Lira (Carnota), Fasquía, Club Marítimo Marismas da Ramallosa, Rabandeira (Vilanova de Arousa)

1.- Aprobación da acta da asemblea anterior:

Fernando Piñeiro manifesta que non procede a súa aprobación, que non está presente o secretario que podería aclarar puntos. Facendo referencia expresa a non constatación do punto referente o orzamento 2009, motivo da asemblea, e ese día aprobado.

Comentase a falta da acta dunha asemblea anterior, valorase que se proceda a súa redacción para a súa aprobación na vindeira asemblea.

2.- Informe e aprobación, si procede, do exercicio contable 2008 e estado de contas.

O presidente saínte (ou ex-presidente), Fernando Piñeiro fai a exposición das contas do 2008, por ser do periodo da súa presidencia, explicando as particularidades das mesmas, pásase unha folla co resultado do exercicio e outro coa situación financeira, con relación de partidas deudoras e acreedoras. Apróbbase por unanimidade.

Respecto ao 2009, manifesta Fernando Piñeiro que hai pouco movemento pero sinala a necesidade de pagamento das cotas, toda vez que a actividade dos membros da xunta directiva é intensa e os gastos de cotío de consideración.

3.- Información e ratificación pola asemblea dos cambios na xunta directiva da FGCMF.

Infórmase dos cambios habidos e relaciónanse as novas incorporacións:

Cesarón a 31 de xaneiro de 2.009:

Fernando Piñeiro Oubiña, presidente

Fernando Mateo Fernandez, vocal.

Incorporanse a 31 de xaneiro de 2.009:

Martín Otero (Amigos das Embarcacións Tradicionais Coruña).

M^a Xesús Durán (Club do Mar de Ferrol).

Configuración da Xunta Directiva a 31 de xaneiro de 2.009

Presidente: Víctor Fernández (Amigos do Museo do Mar).

Vicepresidente 1º: Braulio Puga Torrado (A. Mariñeiros de Bouzas).

Vicepresidente 2º: Xaquín Lores Torres (G.E. Mascato).

Tesoureiro: Juan M. Álvarez (Asociación Sueste).

Secretario: Martín Otero Perez, (AA. EE . TT. Coruña).

Vocal 1º: Uxío Allo Garcia (A.C.D. Dorna).

Vocal 2º: Antón Pais (Asoc. Os Galos)

Vocal 3º: M^a Xesús Durán (Club do Mar de Ferrol).

Tanto ceses, novas incorporacións como distribución dos cargos, é aprobado por unanimidade, quedando por tanto ratificada a nova Xunta Directiva.

4.- Informe de xestión da X.D.

Comeza Xaquín Lores, informando das xestións realizadas con relación dos cobro de cantidades comprometidas pola administración referidos o Encontro de Ferrol dando conta da reunión na Deputación cos responsables de vicepresidencia, toda vez que aínda que esta feita a provisión dos fondos aínda non se asinou o convenio, a Deputación informou que, no modificando onde se abordou o tema oubo un erro o presuposto librouse a nome do Club do Mar de Ferrol co que houbo que facer una renuncia deles a favor da Federación, cóntase con cobrar a finais de maio, pero todo está por concretar, pois depende do tramite da propia Deputación.

Convenio Brest 08, Fernando Piñeiro informa que o día da data están feitos os tramites necesarios para o cobro do importe pendente de pago e que ascende a 55.000,00 €, que en breve se espera recibir.

O problema do retraso na firma dos convenio ven dado pola susceptibilidade producida polo cambio de goberno, tivéronse que rebaixar as cantidades solicitadas porque agora ninguén se quere mollar. Agora temos que demostrar a exclusividade na representación do que facemos, o que lles valeu para a financiación de Brest agora non

lles chega. Mar de Muros propón que a elección de sede dos encontros se faga ao remate do Encontro anterior para poder facer a planificación con tempo e arranxar os problemas de orzamento sobre todo os derivados dos cambios políticos, aínda que é una proposta vella nunca se fixo. Ferrol pregunta polo comportamento do concello e informase que a súa actitude é estupenda pero claro eles non son os que pagan o caso é que o tempo apremia e o cambio político non se da producido e non se pode pechar o programa.

European Maritime Heritage. Recibiuse invitación para participar como socios, hai dúas opcións 1ª 2000€ con voz e voto e 2ª 300 sen voto. O meirande problema parece o dos desprazamentos xa que son en Bélxica, hai una proposta do Museo do Mar de pagaren eles a cota e mesmo de representármonos nas xuntanzas por medio de Pablo. A asemblea aproba o ingreso e de primeiras tamén a representación de Pablo reservándose para a Xunta Directiva o nomeamento de representantes en sucesivas ocasións.

Proxecto DORNA (Desenvolvemento Organizado de Recursos no Noroeste Atlántico). Proxecto europeo de recuperación da cultura mariñeira no que participa a Deputación da Coruña e ao que fomos convidados ao acto de presentación e participaron nela Braulio e Antón que pasan a informar, o proxecto refírese ao noroeste atlántico, está formado por 7 socios de 1ª con cartos asignados e voto e 4 de 2ª sen voto nin asignación coma nos que figuramos como asesores Os representantes da Federación diante deles serán Braulio e outra persoa que iría de técnico, neste caso Antón. O proxecto cínguese á recuperación de estaleiros e embarcacións tradicionais

Víctor. resalta a importancia deste proxecto e a necesidade de que a Federación estea presente e recorda que o noso ámbito de actuación é cada vez mas amplo

5.- Plan de actividades para o ano 2009.

O calendario xa está colgado na páxina. Tall ship este ano sae de Vigo convidaron a varios barcos a nivel individual e á Federación para que poñamos una exposición, eles poñen as carpas e 2000€ para os gastos, hai que xuntar un grupo de persoas para facerse cargo da exposición e da representación da Federación. do 30 de abril ao 3 de maio, hai que ter listo o cartaz e a propaganda de Muros a parte da propa da Federación.

Seixal 23 e 24 de maio convidáronnos a participar no encontro e lémbrese a importancia de acudir a este acto para corresponder aos portugueses, aínda non hai ningún voluntario para ir, a organización garante aloxamento e comida, a Federación. ofrece o pagamento de una axuda ao desprazamento con 150 € sinálase a necesidade de reciprocidade cos portugueses, mandárase una circular para publicitalo

Jose Manuel Rodriфуéz, da Ramallosa, di que para a mostra de embarcacións só conseguiron 3000€ así que a cousa vai quedar un pouco reducida a idea é xuntar una ducia de barcos de distintos tipos os dias 28 e 29 marzo.

Hai que notificar as datas dos eventos para facer o seguro colectivo que sae moito mais barato

Fernando Piñeiro falou do RCE, e lembrou a obrigatoriedade para as embarcacións

6.- Presentación de solicitudes de novas incorporacións á Federación

Solicitan incorporarse:

As. Veciños de Abelleira: A X.D. informa que ao seren unha asociación de veciños o seu ámbito de actuación e amplo demais e que deberían formar unha asociación ou sección adicada exclusivamente ó ámbito das actividades da Federación, o representante de Mar de Muros ofrécese a falar con eles.

Joaquín Vieta de Noia que non comparecen e posponse.

Asoc Amigos do Museo do Mar de Vigo avalada pola asoci. Mariñeiros de Bouzas que é admitida

7.- Rogos e preguntas.

Jose Manuel Rodriфуéz, de Ramallosa, pregunta pola prohibición da construción amateur e o contrasentido de admitir na Federación a un ente que patrocina esta prohibición (colexio de enxeñeiros navais) xa que logo a lexislación actual remata definitivamente cos carpinteiros de ribeira. Acórdase facer una comisión para ver de conseguir a derogación da obriga da firma dos planos por un enxeñeiro. Pedirlle ao colexio de enxeñeiros que renuncie ao tutelaxe da construción de embarcacións tradicionais.

Acordouse crear unha comisión osbre este tema, comporta por Guillermo Gefaell, Jose Manuel Rodriфуéz da Ramallosa e Antón Páis

Rabandeira ten material para a revista Ardentía que se faga en Muros.

Remata a Asemblea arredor das 21h.

O secretario de actas:

Martín Otero.